NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - BRA		
Número expediente:	Documento:	
CON/19/2016	CON10I0PC	
1M213R6O400X254V16DF		

Reunidos na Casa do Concello o día 21 de xullo de 2016, ás 10:35 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Traballos de xestión da aula CEMIT e impartición de accións formativas na zona rural" formada por Dna. Marián Ferreiro Díaz (alcaldesa accidental), que actuará como presidenta; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (secretario xeral); Dna. M. Pilar Canzobre Méndez (interventora da corporación); D. Manuel Rodríguez Álvarez (técnico de grao medio de Información e Comunicación) que actuarán como Vogais, e por último Dna. Begoña Rodríguez Albo, que actuará como secretaria da mesa.

Á citada hora, para os efectos do disposto no artigo 27 do RD 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e na cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse pola presidencia á apertura dos sobres "B" Documentación técnica para a valoración dos criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor non cuantificable mediante fórmula das dúas empresas admitidas na licitación.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretaria dou fe, asinando conmigo os membros da mesa.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es